O exilio galego en Venezuela

A ditadura en Venezuela 1908 - 1935

O destino predestinou que Rómulo Gallegos Freire, que en 1948 sería elixido presidente de Venezuela, vivise tres anos exiliado no Estado español entre Madrid, Aldán e finalmente Beluso. Nesta pequena vila mariñeira coñeceu a moitos galegos nacionalistas e de esquerdas que, anos máis tarde, terían as portas abertas cando el asume a presidencia do Estado, chegando incluso a compartir tarefas de Goberno, como no caso do ourensán Alberto Fernández, que foi um empregado de confianza no Palacio de Goberno.

Rómulo Gallegos en Beluso

Rómulo Gallegos, a súa muller e Gonzalo Barrios xunto ao mexicano Andrés Iduarte en Beluso. 1935

EL UNIVERSAL

JUGUETES

NOCHE A LAS 11.45 FALLECIO EN MARACAY EL BENEMERITO GENERAL JUAN VICENTE GOMEZ, PRESIDENTE DE LA REPUBLICA

SE ACUERDA CON EL PRECEPTO CONSTITUCIONAL, EN REUNION DE GABINETE DE DESIGNO AL GENERAL ELEAZAR LOPEZ CONTRERAS MINISTRO DE GUERRA Y MARINA, PARA ENCARGARSE DEL PODER EJECUTIVO

Juan Vicente Gómez, ditador de Venezuela entre 1908 e a súa morte, o 17 de decembro de 1935

O Xeneral Juan Vicente Gómez

Opositores á ditadura do xeneral Juan Vicente Gómez. De esquerda á dereita: Juan Iturbe, un descoñecido, Augusto Mijares, Andrés Eloy Blanco, Pedro Sotillo, Enrique Tejera, Alfredo Machado, José Rafael Pocaterra, José Gil Fortoul, un descoñecido e E. Lasconategui, cónsul arxentino. Estes loitadores contra a ditadura serían os que anos despois abrirían os brazos ao exilio galego e español en Venezuela.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

FESGA
Fundación para o estudio e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

O exilio galego en Venezuela

A chegada dos bascos en 1939

A chegada de exiliados, a súa recepción por parte do goberno venezuelano, bateu coa oposición dunha maioritaria opinión católica tradicional que apoiaba abertamente o xeneral Franco e a súa "santa cruzada". Só os bascos salvaron os obstáculos da chegada e da entrada polo seu recoñecido e aberto carácter de católicos conservadores.

O 11 de xullo de 1936, co fin de fomentar a inmigración, apróbase en Venezuela a *Lei de Inmigración e Colonización*. A lei especificaba claramente quen podían acollerse á lei e entrar a Venezuela. Entre os principais requisitos estaban o de ser de raza branca, non ter antecedentes penais, ter un oficio e non profesar ideas contra a Constitución ou a forma de Goberno.

Chegada de exiliados bascos desde o Estado francés

O pontearean José Domínguez Benavides, ex-cónsul republicano en Niza e fundador do primeiro sindicato de xornalistas do Estado español, fora contratado polo presidente Contreras como director do seu xornal *Crítica*. Domínguez Benavides chegou a ser o primeiro redactor-xefe de *El Nacional*.

O presidente Eleazar López Contreras, presidente entre 1935 e 1941

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

FESGA
Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galicia

O exilio galego en Venezuela

Chegada de Cuba á República Dominicana

A "táboa de salvación" dominicana

Os exiliados na Francia de 1939 non tiñan moitas posibilidades de poder ser acollidos en ningún país do mundo, agás as raras excepcións de México e os casos persoais de emigrantes que solicitaba a súa familia.

O ditador dominicano Leonidas Trujillo, alcumado "Chapita", aceptou a chegada de exiliados republicanos (co pagamento de 50 dólares por cada un por parte das autoridades republicanas no exilio) e de xudeus que fuxían do réxime nacionalsocialista alemán. A idea de Trujillo era a de facer negocio cos refuxiados. A lista de galegos que chegaron en 1940 a Dominicana e despois de dous anos marcharon a Venezuela é grande.

O dictador Trujillo coa súa familia.

O dictador e a súa muller, a española María Martínez

Debuxo do pintor exiliado leonés Vela Zanetti, no que están Eugenio Granell, a súa muller Amparo e Alberto de Paz y Mateos.

O cormelán, capitán da Mariña mercante, cartógrafo, biólogo e naturalista, José María Mosqueira Manso, coa muller e a filla de Silvio Santiago, saiu do Estado español cun pasaporte dominicano.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

FES
Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

O exilio galego en Venezuela

A "táboa de salvación" dominicana

Eugenio Granell, Llorens, Alberto Paz, Pedro Salinas e Vela Zanetti.
O pintor Eugenio Granell fuxiu a Guatemala.

O matrimonio Dpoporto con José Almoina pouco antes do asasinato.
José Almoina Mateos, o lucense secretario persoal de Trujillo, fuxiu e México e alí foi asasinado por dous sicarios cubanos ás ordes do ditador Trujillo.

O escultor no exilio no ano 1939.
"Compostela" fuxiu de Dominicana a Haití e despois a Puerto Rico.

O pintor Ángel Botello Barros

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

FESGA
Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

O exilio galego en Venezuela

Isaías Medina Angarita, presidente deposto pola Revolución de Outubro de 1945

1941 a 1945 Isaías Medina Angarita presidente

Francia recibe centos de milleiros de exiliados e desprazados. Solicita a Venezuela cooperación e acollida, ao que Venezuela responde que *"a capacidade de absorción de inmigrantes no momento, estaba limitada polas disposicións legais, polo incipiente funcionamento dos seus organismos de colonización, pola necesidade de escoller os elementos de integración entre traballadores agrícolas, os técnicos e os obreiros especializados en certas industrias, polas exixencias do equilibrio demográfico, que reclaman diversidade racial, polo deber de preservación da paz social que puidera ser perturbada pola admisión sen reservas de elementos que profesen 'ideoloxías extremas', circunstancia que impón métodos coidadosos de selección".*

Ante as autoridades franquistas actuaba como embaixador venezuelano Carracciolo Parra Pérez, que recibira instrucións do seu goberno (Medina Angarita) para que admitise agricultores, técnicos e empregados de industrias, preferibelmente vascos e cataláns, mineiros e obreiros metalúrxicos, pero tendo en conta que na selección debía ser "coidadoso" e excluír os "extremistas".

Lonxe da ampla apertura mexicana aos exiliados republicanos, Venezuela limitou inicialmente o ensaio, por receos ideolóxicos e relixiosos, aos nacionalistas bascos, por ser profundamente católicos. A causa da República española non puido abrirse a toda Venezuela coma causa democrática. A nova Constitución Nacional venezuelana de xullo de 1936 dicía no seu artigo 32, 2º, inciso 6º:*"...considéranse contrarias á independencia, ao xeito político e á paz social da Nación, as doutrinas comunista e anarquista; e os que as proclamen, propaguen ou practiquen serán considerados como traidores á Patria e castigados conforme as leis".*

EL NAC

CARACAS, SABADO 17 DE MAYO

Espias Franquistas

Actúan Camuflados de Diplomáticos

Posiblemente el Asunto Será Denunciado Hoy en la Constituyente

Horriblemente

Carracciolo Parra Pérez, embaixador venezuelano no Estado español franquista

LOPEZ CONTRERAS

CANDIDATO NACIONAL 46-51

Civilista — Político

Educador — Intelectu

Militar — Estadista

¡ACTO DE JUSTICIA

Golpe de Estado de 1945

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

FESGA
Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galicia

O exilio galego en Venezuela

Lar Gallego

Os galegos deixan de ser españois no exilio venezuelano cando fundan, antes que os cataláns e despois dos bascos, o 9 de febreiro de 1945, o republicano e galeguista Lar Gallego. Á inauguración asistiu Rómulo Gallegos, quen recordou os seus días de exilio na Galiza Así, as bandeiras galega, venezuelana e republicana serán as únicas que estarán presentes neste Lar. Presidente deste Lar foi Xosé Velo Mosquera, se cadra unha das figuras máis notábeis do exilio galego no país caribeño. Velo Mosquera tiña no Lar a academia Castelao e fora un dos impulsores da fusión dos tres centros galegos xunto ao secretario xeral do Partido Comunista de España, o lucense Manolo Gallego. Hoxe, na actual Irmandade Galega, o colexio Castelao, do cal foi diretor Celso Emilio Ferreiro, é herdeiro da academia de Velo.

Xosé velo Mosquera

Xunta directiva do Lar Gallego ano 1950.

O poeta e posterior ministro de Relacións Exteriores no Goberno de Gallegos, Andrés Eloy Blanco, asistiu á inauguración do Lar Gallego e foi nomeado, xunto con Gallegos, "socio vitalicio de honra" Na foto falando co exmbaidor republicano galego Jesús Vázquez Gayoso.

No centro Xosé Velo nunha xuntanza no Lar gallego no ano 1946.

Coro do Lar Gallego, ao fondo Castor Cachafeiro coa gaita.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

FESGA
Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

O exilio galego en Venezuela

Recoñecemento da legalidade republicana

1945 Revolución de Outubro. Recoñecemento da legalidade republicana e rompemento de relacións co Estado español fascista.
En outubro de 1945 unha revolución democrática dá un golpe de Estado contra Isaías Medina Angarita. Na Xunta de Goberno desta Revolución estaba Gonzalo Barrios, compañeiro e amigo de Rómulo Gallegos, con que compartira exilio en Beluso entre 1933 a 1935. O lucense Jesús Vázquez Gayoso, de Izquierda Republicana, é nomeado embaixador da Republica española ante a República venezuelana.

Jesús Vázquez Gayoso

Jesús Vázquez Gayoso, no centro con uniforme republicano en Madrid ano 1938.

Jesús Vázquez Gayoso

De esq a dta. Delgado Chalbaud, os irmáns Gayoso e Gordón Ordás no Palacio de Goberno de Caracas

Recepción da Delegación republicana por parte do presidente Rómulo Betancourt.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

FEGA
Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

O exilio galego en Venezuela

1948 Rómulo Gallegos presidente

Rómulo Gallegos é elixido presidente polo partido de Acción Democrática. O seu ministro de Relacións Exteriores será o poeta Andrés Eloy Blanco, activo defensor do exilio galego na Venezuela. O seu secretario persoal Gonzalo Barrios, e o secretario de Gonzalo Barrios o xornalista ourensán Alberto Fernández Mezquita. Aos poucos meses de estar no poder, un golpe de Estado liderado polo coronel Delgado Chalbaud rematará coa "Lúa de mel" do Goberno venezuelano co exilio.

Cartaz electoral de Rómulo Gallegos



REPUBLICA ESPAÑOLA

1948 - 1949

Felicidades

El Encargado de Negocios

y

Sra. Felisa Abad de Vázquez Gayoso

Este 6 No. 141
Edificio Embajadores
Caracas

Tarxeta da República española

Gonzalo Barrios (no centro) cunha delegación republicana en Caracas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

FESGA
Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

O exilio galego en Venezuela

Consello de ministros do goberno de Rómulo Gallegos, 1948.

A resistencia

Foron os exiliados os primeiros en defender as liberdades democráticas en Venezuela contra o golpe militar. Un triunvirato militar formado por Llovera Páez, Marcos Pérez Jiménez e Carlos Delgado Chalbaud deu o golpe a Gallegos o 24 de novembro de 1948, presindido a Xunta Militar este último, que en 1950 sería asasinado.

Moitos dos exiliados tomaron o camiño, doutravolta, do exilio, como o propio Mezquita que marchou cara a Cuba con Rómulo Gallegos e Andrés Eloy Blanco.

Venezuela restableceu as relacións co Estado español franquista, mais mantivo unha actitude de respecto cara aos exiliados refuxiados no país.

Rómulo Gallegos (o máis alto), Vázquez Gayoso e Pérez Jiménez no ano 1946.

Cartaz eleitoral. O golpe supuxo dez anos de férrea ditadura.

Alberto Fernández Mezquita foi o primeiro detido no golpe contra Rómulo Gallegos no Palacio de Goberno

A Xunta Militar le o comunicado do Golpe de Estado ao país

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

FESGA
Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

O exilio galego en Venezuela

Unha das últimas fotos de María Teresa Cuenca Estevas, filla, irmá e nai de exiliados.

Os protagonistas do exilio

Exiliados madrugadores, de rebote doutras ditaduras, exiliados do exilio, exiliados serodios... exiliados.

A nómina do exilio galego en Venezuela é longa... e descoñecida. Dende exiliados disfrazados de emigrantes como Mario Granell, o comandante Soutomaior, Alberto Puente, Xosé Sesto, Celso Emilio Ferreiro, Xoán Noya, Fernando Cuenca Estevas, Julio Formoso, Juan Cuenca Estevas, María Teresa Cuenca, Alberto Fernández Mezquita, até exiliados chegados de rebote como Mosqueira Manso, Alberto de Paz y Mateos, Manolo Gallego, até chegar aos exiliados como José Silva, Mariano Otero Castelao, Ángel Feijóo, Xosé Velo, Isolino López e tantos outros.

Primeira viaxe de Otero Castelao a Galiza.

Xosé Sesto chegou a Venezuela como "emigrante" solicitado polo seu irmán Manuel

Manolo Gallego, secretario xeral do PCE en Venezuela, chegou a Venezuela desde Cuba. Na foto Manolo xunto a súa muller.

Fernández Mezquita saiu como emigrante a Venezuela en 1945

Mario Granell, militante do POUM, o día que foi posto en liberdade. Chegaría a Venezuela na década dos cincuenta como emigrante.

Mariano Otero Castelao, Xosé Velo e Manolo Gallego no exilio venezolano. 1950

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

FEGS
Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

O exilio galego en Venezuela

Pepe Velo falando no primeiro Congreso da Emigración, realizado en Bos Aires no ano 1956.

Xosé Velo Mosquera

Á volta do I Congreso da Emigración Galega en Buenos Aires comeza un arduo traballo de concienciación na radio da comunidade galega. En *La voz de la patria*, en *Radio Cultura* ou na emisora clandestina *Radio Claridad*, dá mensaxes políticas totalmente definidas a prol da resistencia antifranquista activa, artellada pola *Unión de Combatientes Españoles Antifranquistas* de Alberto Bayo.

En xaneiro de 1960, Velo é director xeral do D.R.I.L., adoptando o pseudónimo de Jurado A. O 20 de xaneiro de 1961, el e os outros 24 comandos secuestraran o paquebote *Santa Maria*, acción que rematará o 3 de febreiro coa entrada ao peirao de Recife e o asilo político concedido polo presidente brasileiro Jânio Quadros.

Defensor da unión das linguas portuguesa e galega tomando o galaico-portugués falado e escrito no Brasil, escribe un artigo co título de *A lingua galega e a inaugurazón da España*, tema que aborda no libro inédito *Morra España! Viva España!*

Xosé Velo morreu o 31 de xaneiro de 1972 e foi enterrado no cemiterio de Morumbi baixo a bandeira galega, como el pedira.

Formoso conversa con Xosé Velo nunha xuntanza en Caracas

Jovita Velo o día da súa marcha de Galiza.



Pasaporte venezuelano de Xosé Velo

Velo trata de calmar aos pasaxeiros nunha revolta a bordo.

Xosé Velo, o comandante Soutomaior e Galvão abordo do *Santa Maria*.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

FESGA
Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

O exilio galego en Venezuela

Silvio no seu estudio en Caracas

Silvio Santiago

Silvio Santiago, anarquista ourensán residente na Coruña, foi un dos centos de homes e mulleres que estivo agochado nas vilas portuguesas fronteirizas en 1936. Sen dúbida a mellor novela verbo os sucesos do 36 é O silencio redimido, que non viu a luz até tempo despois de morto pola censura da ditadura franquista.

Chegado a Venezuela entre 1939 e 1940 desde Portugal, Silvio vai evoluíndo cara a un galeguismo militante e comprometido. Da súa teima son moitas empresas culturais galegas exitosas na Galiza da década dos anos 50 e 60. A editorial Galaxia e a edición de moitos libros serían impensábeis sen a axuda de Silvio Santiago quen desenvolveu un labor xornalístico de calidade en terras venezuelanas. Voltou en 1958 a Galiza e morreu coa depresión propia daqueles que volven a un lugar no que son "estranxeiros na súa propia terra".

Silvio e Silvia en Caracas

Silvia coa súa dona

Gordon Ordás, Vázquez Gayoso, Silvio Santiago na praza Bolívar

O Silencio Redimido, primeira edición 1976

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

O exilio galego en Venezuela

Vázquez Gayoso coa familia Freire en La Habana 1942, pouco antes de marchar cara a Venezuela.

Jesús Vázquez Gayoso

A PONTE NOVA (LUGO), 1909 - MÉXICO, 1970.

Jesús Vázquez Gayoso, coa proclamación da República en 1931, participa activamente na fundación e organización de Izquierda Republicana. Alístase no bando leal, sendo nomeado oficial do corpo de carabineiros. Ao finalizar a guerra, exíliase en Francia con parte da súa familia. Despois de estar unha temporada nun campo de refuxiados trasládase a París, onde se instala o goberno republicano no exilio até a caída da República francesa en mans dos alemáns. A fins de 1939 foi enviado a Cuba á Oficina do Goberno republicano español en Centro América. En 1940 trasladouse a Panamá, onde exerceu como profesor universitario e decano da Facultade de Dereito entre os anos 1942 e 1943.

A finais de 1944 chega a Venezuela. A actividade diplomática e pedagóxica de Jesús Vázquez Gayoso viuse acompañada dunha febril actividade comunicativa en canto medio impreso existise en Venezuela. Tiña como misión principal a de lograr que Venezuela, ao igual que México, rompese relacións coa España de Franco. O 18 de outubro de 1945 gran parte da oficialidade máis nova do exército venezolano xunto ao partido Acción Democrática consuman o golpe de Estado e encarceran durante uns días a Angarita, López Contreras e a Arturo Uslar Pietri, que foxen cara a Nova York.

Jesús Vázquez Gayoso parte cara ao exilio

Vázquez Gayoso, primeiro pola esq. na mesa presidencial, nun xantar de confraternidade republicana baixo as bandeiras republicana e venezolana.



Jesús Vázquez Gayoso e o primeiro lehendakari basco, José Antonio Agirre Lekube, en Caracas nun concerto do arpista donostiarra Nicanor Zabaleta que durante catro anos foi profesor do Conservatorio de Caracas 1941-1945.

Dedicatoria do presidente de Goberno e da República española Diego Martínez Barrio a Jesús Vázquez Gayoso.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

FESGA
Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

O exilio galego en Venezuela

Jesús Vázquez Gayoso

A Xunta Revolucionaria que toma o poder, presidida por Rómulo Betancourt, recoñece internacionalmente a lexitimidade da República española e permite as actividades republicanas no seu territorio.

O recoñecemento legal levouse a cabo os días 11 e 12 de novembro na Casa de España coa asistencia de Gonzalo Barrios (que era membro do goberno revolucionario e que estivera en Galiza exiliado durante a ditadura de Juan Vicente Gómez), o capitán Mario Vargas Loperena e o director de El País, Luis Troconis.

Vázquez Gayoso é designado cónsul da República Española ante a República de Venezuela.

Gayoso non descansou na súa actividade xornalística. Tratou a emerxente oposición catalana contra a ditadura de Franco e recordou o 16 de febreiro de 1936. Iniciou unha curta colaboración "Pasionaria" en *El Nacional* de Caracas. Foi Gayoso, utilizando a JARE quen ese mes de marzo deu pulo a unha serie de protestas contra a ditadura de Franco e colaborou con Bergamín para crear unha Casa da Cultura Española. Incrementáronse os chamamentos a favor dos exiliados republicanos en Francia e en Caracas estreouse *La niña guerrillera* de Bergamín baixo a dirección do exiliado galego Alberto Paz y Mateos.

Presentación das cartas credenciais do embaixador republicano Jesús Vázquez Gayoso ante as autoridades venezolanas. 1945

Recepción dun grupo de escolares por parte do embaixador republicano Jesús Vázquez Gayoso en Caracas 1947.

Condecoracións republicanas a venezuelanos na embaixada republicana en Caracas, 1946.
O escritor Miguel Otero Silva é o primeiro e Jesús Vázquez Gayoso o terceiro (de dta. a esq.)

Acto de apoio á República. Vázquez Gayoso (segundo pola esq.) xunto ao ex ministro republicano e presidente da República no exilio Gordón Ordás.

Recepción oficial en Caracas do embaixador republicano Vázquez Gayoso.
O terceiro (de dta. á esq.) sería o principal torturador da ditadura de Pérez Jiménez e máis tarde xefe da Interpol en París: Pedro Estrada.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

FEGS
Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

O exilio galego en Venezuela

Soutomaior co uniforme do DRIL

O comandante Soutomaior

En 1958 Soutomaior entra no DRIL (*Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación*). Foi entón cando un dos seus membros, Xosé Velo Mosquera, coñecido como Xunqueira de Ambía, lle puxo o alcume de "Jorge Soutomaior", que utilizaría cono nome de batalla cando dirixiu o asalto e secuestro do transatlántico portugués *Santa Maria*, o 22 de xaneiro de 1961, cando navegaba de La Guaira a Miami rumbo a Europa.

Soutomaior membro do MIR venezuelano chega na década dos 60 exiliado dende Venezuela a Cuba. Dá aulas de filosofía marxista na Universidad de La Habana. Nomeado embaixador da OSPAAAL (*Organización de Solidariedade cos Países de África, Asia e América Latina*) en Vietnam e Laos. Rematará os seus días e noites nos Andes venezuelanos. A súa primeira e derradeira viaxe a Galiza, despois do seu exilio en 1939, será en 1979.



Soutomaior coas guerrillas comunistas de Laos



REGISTO CIVIL Nº 301.016

Esta carteira de identidade pertence a

JORGE DE SOUTO MAIOR

Natural de Espinho - Portugal

Nascido a 22 de Março de 1929

Filiado

Do Estado Civil Casado

Nacionalidade Espanhola

Recife, 2 de Fevereiro de 1961

DIRETOR

REGISTO Nº 16220

Nome JORGE DE SOUTO MAIOR

Observações Autorizado a permanecer no Brasil como asilado político. Fica expressamente proibido exercer atividades incompatíveis, devendo observar as disposições dos artigos 150 e 151 do Decreto-Lei 3010, de 20/8/1938. Fica sujeito a fls. 15 e 21 do Decreto 8.015.

Recife, 2 de fevereiro de 1964

Chefe de Polícia

Documento de asilo no Brasil



Soutomaior en misión en Laos na representación da Tricontinental.

Soutomaior no lago de Valencia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

O exilio galego en Venezuela

O Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación

O Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación, D.R.I.L. nace da unión de galegos residentes en Cuba, Bélxica, Francia e Venezuela. Xosé Velo é responsábel de América Latina nesta nacente organización.

Para o D.R.I.L. a Península Ibérica estaba constituída polas seguintes nacións: Cataluña, Galiza, Castela, Euskal Herria e Portugal, que foran asoballadas dende o tempo dos "funestos" reis católicos e socavada a súa independencia por unha política de hexemonía e de absorción de Castela, recoñecendo que malia a constante política de absorción, as referidas nacións conservaron vivo o seu espírito nacional.

Dunha primeira xuntanza entre o exiliado da ditadura de Salazar Henrique Galvão como representante do M.N.I. portugués e Velo polo D.R.I.L. xurdiu unha alianza entre ambas as organizacións na que Galvão sería comandante xeral polo lado portugués. O Estado Maior do D.R.I.L. conformaríase, dende aquel momento, con dous comandantes xerais cos seus respectivos axudantes. O pacto comprometía ao MNI na táctica da loita directa armada.



Capa da revista Momento con Galvão fumando

O comandante Soutomaior

Comandos galego-potugues na toma do Santa Maria



Anagrama do D.R.I.L.

Galvão fala aos amotinados despois de Xosé Velo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

O exilio galego en Venezuela

O Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación

As cabezas máximas da Xunta Nacional de Liberación no ano 1959 foto tomada en Maiquetía, cando chegou o capitán Galvão de Bos Aires. Galvão no centro da foto, a súa esquerda o xeral Delgado.

Carta de apio ao D.R.I.L. En Caracas



GENERAL H. DELGADO

PRESIDENTE DE PORTUGAL POR ELECCION POPULAR

J. ALVAREZ DEL VALLO

EX MINISTRO DE RELACIONES EXTERIORES DE ESPAÑA

FABRICIO OJEDA (URD)

GUSTAVO MACHADO (PCV)

J. A. CILIBERTO (AD)

Son los oradores de la gran concentración democrática que se celebra esta noche en el Palacio de los Deportes organizado por

LIBERTAD para ESPAÑA

con la colaboración fraternal de la

Junta Patriótica Portuguesa

Un acto de unidad venezolana-hispano-portuguesa en protesta de las dictaduras de Salazar y Franco y en ayuda de los millares de presos políticos que gimen en las cárceles de España y de Portugal.

Palacio de los Deportes

SABADO 31 (HOY) A LAS 8 DE LA NOCHE

Portada de París Match co secuestro do Santa Maria

• Tres homens do destacamento rebelde: o do centro é Carlos Junqueira de Ambria, diretor-geral do DRIL (órgão libertador).

Jânio Quadros e Galvão en Caracas o 3 de abril do ano 1960

Galvão subindo pola escaleira do Santa Maria

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galicia

O exilio galego en Venezuela



Asalto ao chamado Tren del encanto por parte das FALN (Forzas Armadas de Liberación Nacional)

Os herdeiros do exilio

Só Venezuela coñeceu unha guerra de guerrillas tan prolongada. Ao abeiro das loitas na Sierra Maestra en Cuba, Venezuela colleu o fúsil. Foron moitos os galegos e fillos de galegos que loitaron nas guerrillas nas montañas, nas selvas e nas cidades. Alejandro Tejero Cuenca, fillo da exiliada viguesa María Teresa Cuenca, foi desaparecido polas forzas represivas da democracia venezuelana. Federico Fernández, fillo do comandante Soutomaior; Víctor Velo, fillo de Pepe Velo; Farruco Sesto, fillo do exiliado serodio Xosé Sesto.

Douglas Bravo (no centro da foto), na serra de Falcón, foi comandante de Alejandro Tejero.

Venezuela vivia un permanente estado de sitio

FALN
LUCHAR HASTA VENCER

Guerrillas nos anos 60 en Venezuela

Farruco Sesto.

Federico Fernández (no chan)co o seu pai e irmáns en Caracas.

Federico Fernández co pai o comandante Soutomaior

Xosé Sesto, o pai Farruco Sesto.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

FEGS
Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

O exilio galego en Venezuela

Os herdeiros do exilio

Guerrillas urbanas en Caracas

A exiliada viguesa María Teresa Cuenca Estevas, ex-secretaria de Indalecio Prieto, ante o retrato do seu fillo Alejandro Tejero Cuenca.

ENIGMATICO FRANCES BUSCADO POR DELITO DE REBELION MILITAR

Se halla implicado en proceso abierto contra Gustavo Machado

UN CIUDADANO de nacionalidad francesa a quien se sigue juicio por el delito de rebelión militar, implicado en el proceso abierto contra el dirigente comunista Gustavo Machado, está siendo activamente solicitado por las autoridades civiles y militares de todo el país.

Se trata de Angel Tejero Cuenca, contra quien el Juzgado Militar Tercero de Primera Instancia Permanente de Caracas decretó auto de detención el 6 de noviembre de 1964. Desde esa fecha no ha sido posible lograr la captura de Tejero Cuenca razón por la cual ha sido librada una requisitoria dirigida a todas las autoridades del país solicitando la necesaria cooperación destinada a lograr la detención del procesado.

Tejero Cuenca está acusado de presunta participación en actos de rebelión militar. Concretamente se le ha relacionado con el expediente abierto en contra del dirigente comunista Gustavo Machado quien se encuentra detenido y está siendo procesado por los tribunales competentes desde hace algun tiempo.

El enigmático, Tejero Cuenca nació en Montauban, Francia el 18 de enero de 1941. Es estudiante, soltero, de color blanco, ojos pardos, cabello castaño, estatura 1,71 no tiene señales particulares y su Cédula de Identidad es 749817.

Alejandro Tejerto Cuenca

Alejandro Tejero participou no roubo no Museo de Arte de Caracas dunha colección de arte francesa.

Devolución dos cadros secuestrados pola FALN

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

FEGS
Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

O exilio galego en Venezuela

Realización

Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

Investigación histórica e material fotográfico

Xurxo Martínez Crespo

Subvención

Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte

Exiliados galegos en Venezuela, ofrenda floral no monumento a Bolívar en Caracas, 1965.

FESGA
Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical en Galiza

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE